

**DEFINICIÓN E PARTES PRINCIPAIS:**

➔ **Definición:**

- A formigoneira é unha máquina moi utilizada en construción. Emprégase para a fabricación de morteiros e formigóns e para isto, mestúranse distintos compoñentes, basicamente, áridos de distinto tamaño e cemento.
- A formigoneira pode ser eléctrica e de motor de combustión interna.

➔ **Partes principais.**

- **Tambor:** que é a parte xiratoria onde se mesturan e amasan os materiais.
- **Coroa:** ou roda dentada que, unida solidariamente ao tambor, engancha co piñón de ataque.
- **Piñón de ataque:** roda dentada que lle transmite á coroa o xiro do motor.



**RISCOS ASOCIADOS AO SEU USO:**

- |  |   |
|--|---|
| ✓ <b>Risco eléctrico.</b>                  | ✓ <b>Proxección de partículas e salpicaduras.</b> |
| ✓ <b>Atrapamento entre partes móbiles.</b> | ✓ <b>Sobreesforzos.</b>                           |
|  | ✓ <b>Incendio e explosión.</b>                    |

**CONSIGNAS DE SEGURIDADE:**

- ✓ **É obrigatorio o uso de lentes de seguridade. Protexen da proxección de partículas e salpicaduras.**
- ✓ **Comprobar que a tapa do motor estea sempre baixada, eliminando o risco de atrapamento.**



**CONSIGNAS DE SEGURIDADE:**

- ✓ **Durante as operacións de engraxado da máquina, é obrigatorio detela por completo, estendendo a seguir a graxa por toda a coroa. Deste xeito, elimínase o risco de atrapamento.**



- ✓ **Está prohibido introducir a pa dentro da formigoneira. Deste xeito, evítase o risco de enganche nas aspás do tambor e o posterior golpeo.**



- ✓ **É obrigatorio manter a distancia de seguridade durante a operación de padexado. Evitando así o enganche co motor.**



- ✓ **É obrigatorio dispor e comprobar que os cables de alimentación eléctrica son aéreos. Para isto, débense dispor enganches, pés dereitos, etc, para que os cables de alimentación non vaian nunca polo chan.**

**CONSIGNAS DE SEGURIDADE:**

- ✓ *É obrigatorio utilizar luvas de nitrilo. É a única maneira de evitar o contacto manual directo co morteiro, que é causante de dermatose.*

NO



- ✓ *Está prohibido repostar co motor en marcha ou fumando durante a operación. Así se evita o risco de incendio ou explosión.*

**EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL QUE HAI QUE UTILIZAR:**

*Ademais do casco, as botas de seguridade e a roupa de traballo, que son de uso obrigatorio en todas as obras de construción, é obrigatorio utilizar:*

- *Lentes de seguridade contra a proxección de partículas e salpicaduras.*
- *Protectores auditivos, en caso de uso prolongado.*
- *Luvas de nitrilo*
- *Botas de seguridade de goma, para conseguir un illamento da humidade e previr contactos eléctricos indirectos coas partes metálicas da formigoneira.*